

PEZA DO MES

marzo

2005



RELEVO DECORATIVO



PORTA NA FACHADA NORTE

RELEVO DECORATIVO

SÉCULOS IX-X

GRANITO

22 x 37 x 17 CM

SAN MARTIÑO DE PAZÓ, ALLARIZ, OURENSE

Nº Inv. 4.150

Do lugar de *Palatiolo*, citado por primeira vez nunha escritura de doazón do ano 982, na documentación de Celanova na que se fai referencia a el como lugar de ubicación dun mosteiro familiar que, cos seus bens integrouse logo nas propiedades de San Salvador de Celanova, procede este curioso relevo que debeu formar parte dunha edificación onde podería ter desempeñado a función de remate dunha pilastra, ou formar parte dun friso decorativo.

O edificio eclesial de Pazó, a pesares das reformas sufridas ó longo dos anos, sobre todo as levadas a cabo a finais do século XVIII e comezos do XIX, conserva aínda importantes restos en pé, estudados no seu día por Xoaquín Lorenzo e anos máis tarde por Rivas Fernández, quen dá tamén a coñecer a citada peza en 1976.

Trátase dun bloque granítico con dúas caras decoradas, rematando a principal cunha lixeira curvatura. A escea preséntase dentro dun arco sinxelo, que define o plano de fondo dos relevos. Na fronte está representada unha figura masculina vestida con túnica curta cinguida na cintura que levanta os seus brazos e ofrece as palmas das mans en actitude caracterizadora de “orante”; ao seu carón, unha folla do mesmo tamaño cunha nervadura central e outras laterais resaltadas, que máis que folla parece árbore, e como tal Árbore da Vida foi interpretada polo seu descubridor. No recadro lateral, moi erosionado e apenas visible, insístese na temática vexetal, mostrando dúas follas ou árbores como os da cara principal.

O tema do “orante”, ten raigame paleocristián e é un dos repertorios iconográficos máis habituais do momento. Se a súa identidade iconolóxica está ben definida, tamén o está a iconográfica que arrinca coa representación do difunto orante en tampas e supulcros e evoluciona ata a perda da súa noción nun esquematismo pronunciado. Esta esquematización non é lineal, se non que se adapta a formas e funcións con meirande vigor nuns caso que noutros, acusándose sobre todo nas tampas sepulcrais, mentres que se mantén mellor noutros elementos arquitectónicos como frisos, remates de pilastras ou capiteis.

Dende o punto de vista estilístico, o desgaste superficial, que potencia o carácter rudo e tosco das súas formas plásticas non impide establecer un vínculo coa tradición plástica anterior, da que se separa no resalte volumétrico sobre o plano do fondo nunha meirande redondez das formas, fronte a labra a bisel da época anterior. Estes feitos lévannos a atribuíla ó século X, en relación coa segunda fase do relevo da peza de Amiadozo –conservada no Museo– coincidindo cunha renovación do mosteiro protagonizada cara os anos 920-940 polos ascendentes de Guntruda Gutiérrez, herdeira e abadesa do mesmo.



PORTA NA FACHADA SUR

A planta da igrexa deste antigo conxunto monacal, a falta de escavacións que poidan confirmala definitivamente, responde a un esquema moi sinxelo semellante ó de San Salvador de Samos: nave única, rectangular, sen acuse de cruceiro, e unha soa ábsida que con seguridade ocuparía o lugar do actual presbiterio, ó que se accedería por un arco triunfal sostido por sendos capiteis, un deles achado e descrito por Xoaquín Lorenzo como *“de follas carnosas, talla pouco profunda e restos de cordoncillo e típicamente mozárabe”*. O teito, dada a anchura da nave, a falla de apoios intermedios e de contrafortes ó exterior, sería probablemente arquiteado e de madeira, deixando para a cuberta da ábsida solucións máis complexas, parecidas ás propostas para Vilanova dos Infantes e para San Breixo de Seixalbo.

Na actualidade, da antiga fábrica só se conservan os muros laterais da nave e as dúas portas con arco de ferradura e alfiz que neles se abren. As dúas son exactamente iguais, diferenciándose só no número de dovelas. A do lado sur permaneceu ata hai pouco tempo tapiada o que

estragou parte da súas dovelas. Ós lados da porta da fachada actual, que é totalmente moderna, encóntranse parte dos sillares do que puideron ser dúas ventás con arco de ferradura, que ocuparían a mesma fachada e daríanlle luz o edificio mozárabe.

Como noutros edificios desta época, o despiece dos muros revela unha construción de época visigoda que a súa vez reutiliza elementos tardorromanos. Estas circunstancias parecen intuírse na mesma documentación, que aínda que se centra fundamentalmente no século X, fálanos dun edificio anterior.

Con todo, o conxunto constitúe unha interesante mostra do renacemento constructivo que se da en Galicia nos séculos IX e X, que, en certos casos, implica unha remodelación de edificios anteriores nos que se modifican e se distribúen espazos adaptándoos a novos usos, á vez que se reaproveitan materiais e elementos decorativos e, nos máis dos casos, fundando novos edificios con singularidades específicas. En todos eles, en maior ou menor medida, recoñécense elementos comúns que os vinculan co que algúns autores definen como arte mozárabe ou de repoboación, cuxas características esenciais manifestan unha clara vontade de recuperar o pasado hispanovisigodo, facendo deles, ademais de focos de cultura e relixiosidade, vínculos de unión entre unhas xentes e un territorio recentemente reconquistado.

A igrexa contaba tamén cun edificio monacal inmediato, desaparecido, do que podería proceder esta peza, xa que a descrición que temos do capitel que sustiña o arco triunfal de acceso á ábsida, indícanos unha morfoloxía completamente distinta dela, polo que resulta improbable que formase conxunto con el.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Ana María Veiga Romero

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal:VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO